

S. M. ARTABROS

ACTIVIDADES DA SECCION DE SENDEIRISMO – INSCRICION



1.- PRAZO DE INSCRICION.

- 1.1.- A primeira semana do prazo de inscrición (sete días naturais) nunha actividade será para a inscrición exclusiva de socios, agás que se especifique un período maior.
- 1.2.- Cada actividade deberá indicar o día de comezo do prazo de inscrición. No caso de omisión entenderase que é o día laboral hábil para a oficina do club, seguinte ao do anuncio na web.
- 1.3.- O día no que se abra o prazo este comezará as 08.00 horas.

2.- MODO DE INSCRICIÓN.

A inscrición farase do seguinte xeito:

- 2.1.- Poderá ser por correo electrónico dende a hora do comezo do prazo. Poderá ser tamén por telefono ou persoalmente na sede da oficina de Ártabros nas horas de apertura.
- 2.2.- Cada persoa so poderá inscribir a maiores del mesmo, a outra persoa máis ou aos seus familiares en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, sempre que cumpran os requisitos, agás na derradeira semana do prazo, se daquela houberen prazas vacantes.
- 2.3.- Durante o primeiro día do prazo reservaranse a parte enteira do 10% das prazas para inscrición presencial ou telefónica na oficina.
- 2.4.- As inscricións a actividades réxense pola orde cronolóxica. Os correos electrónicos de inscricións recibidos ata a apertura da oficina anotaranse primeiro, os recibidos durante o horario de oficina anotarase ao día seguinte, agás que a secretaria teña tempo durante ese horario para tramitalas, e as chamadas telefónicas para inscricións agardarán a cola de xente presencial que houbese na oficina.
- 2.5.- Superado o número de prazas da actividade, se seguirán anotando as reservas na orde de prelación indicada.

3.- PAGO DA COTA DE INSCRICIÓN.

- 3.1. Fixarase unha cota de inscrición para os socios federados. Os non federados pagarán, a maiores, o custe que fixe o club do seguro de actividades. Os non socios pagarán a cantidade a maiores que se fixe para a esa actividade.
- 3.2.- Inmediatamente despois da confirmación da existencia de praza mediante comunicación da secretaría, o solicitante fará o ingreso do importe fixado nun prazo de 48 h. Se a inscrición é presencial farase o abono no mesmo momento da inscrición.
- 3.3.- Serán garantes do seguimento da norma de inscrición a responsable da secretaría e os monitores da actividade que poderán pedir os xustificantes necesarios. Ademais o vogal de sendeirismo e o presidente do club poderán supervisar o proceso.

3.4.- O ingreso da cota farase pola cantidade total agás cando na convocatoria se especifiquen máis prazos.

3.5.- Aquelas persoas que causen baixa nunha actividade na que esta se poida cubrir con outros reservas recuperarán o importe da cota, deducindo os gastos nos que se incorrese.

3.6.- Os pagos das cotas de inscrición faranse ben con pago directo na oficina do club ou ben mediante transferencia bancaria á conta:

ABANCA ES25 2080-5565-0030 4000 2362

Especificando claramente NOME DA ACTIVIDADE, NOME DA PERSOA e TELEFONO DE CONTACTO. De non ser socio indicará ademais o seu DNI.

4.- PREFERENCIAS NA INSCRICIÓN.

4.1.- Nas actividades de máis de dous días terán preferencia, ademais dos dous monitores, ata tres socios que houberen colaborado sobre o terreo na preparación da actividade, sempre que esta colaboración se poida probar.

4.2.- Nas actividades de un día terán preferencia ademais dos tres monitores ata un socio a maiores que houberse colaborado sobre o terreo na preparación da actividade, sempre que esta colaboración se poida probar.

4.3.- O vocal de sendeirismo terá preferencia para cubrir unha praza vacante en calquera actividade.

4.4.- Os socios con carné de monitor para o ano en curso terán preferencia, despois do vocal, para cubrilas prazas que estivesen o quedasen sen cubrir en calquera actividade. Dita preferencia extinguirase durante a última semana do prazo de inscrición de cada actividade.

5.- CARNÉ DE MONITOR.

5.1.- A aqueles socios que dirixan polo menos unha saída da sección de sendeirismo durante o ano natural se lles expedirá carné de monitor para o ano en curso.

6.- APLICACIÓN DEL CONVENIO DE COLABORACIÓN.

6.1.- O convenio de colaboración suscrito entre a Sociedade de Montaña Ártabros co Club Deportivo Fontiñas polo que os socios de uno destes clubs poidan participar en igualdade de condicións nas actividades organizadas polo outro, serán aplicábeis so a socios do C. D. Fontiñas que residan máis preto de Santiago que da Coruña.

7.- INSCRICION TELEMATICA.

5.1.- O club habilitará un programa a traveso da páxina web <https://artabros.org/> no que os solicitantes poderán realizar a inscrición, seguindo as normas anteriores.